

Reto Nº 2: segundo trimestre 2017-2018

Dimash Kudaibergen é un mozo que acaba de saltar á fama pola súa espectacular voz. No concurso da televisión china que o popularizou cantou un tema francés dos anos setenta. ¿Quen o cantaba orixinalmente?

Porén, Dimash non é chino. Na capital do seu país deu o seu primeiro concerto multitudinario perante 30000 persoas. ¿Como se chama esa cidade?

Tamén é o nome dun club ciclista no que triunfou un deportista español que gañou 2 tours de Francia. O mesmo día que naceu empezou algo terrible na rexión de Petén, en Guatemala. ¿Con que nome se coñeceron eses feitos?

O presidente de Guatemala por aquel entón era un ditador xulgado actualmente por xenocidio. ¿Como se chamaba?

¿Que día da semana accedeu ao poder este personaxe?

Á semana seguinte, noutro país americano, o exército tomou unhas illas, feito que desencadeou unha guerra que acabou perdendo. ¿Como se coñecen en inglés esas illas?

A maior das illas que compoñen ese arquipélago chámase igual que unha canción dun cantante español dos anos 70. ¿Que festival gañou con esa canción?

Na localidade onde se celebra este festival está o hotel máis alto de Europa. ¿Como se chama?

Esta localidade pasou de ser un simple pobo de pescadores a ser unha das localidades máis turísticas do mundo baixo o mandato dun alcalde ¿Chamado?

Este alcalde viaxou en vespa a Madrid para convencer a Franco que se puideran ver nas praias desta localidade as primeiras pezas dunha prenda de vestir ata entón prohibidas en España. ¿Que pezas eran estas?

O primeiro día do ano que se creou esta peza de roupa despegou o primeiro voo civil do aeroporto de Heathrow. ¿Cal foi o seu destino?

A cidade onde fixo escala ese voo acolle este ano un evento moi importante dentro do mundo da música. ¿Quen vai representar a España nese evento?

CANDO CREADES TER TODO RESPONDIDO CORRECTAMENTE MANDADE AS RESPOSTAS A

sansafq@gmail.com

non se admitirá ningunha resposta que non se mande por e-mail

só se admite unha contestación por clase